



ACTA DA SESIÓN DO SORTEO CELEBRADO PARA DIRIMIR O EMPATE XURDIDO NO PROCESO DE ELABORACIÓN DA LISTA PARA O INCREMENTO DE NÚMERO DE COTAS DE CAPTURA ENTRE AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECIFICO PERCEBE, MODALIDADE DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE

Lugar: Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Rúa Ramón y Cajal, 2 – 5º andar (Casa do Mar) – A Coruña

Data: 21 de novembro de 2023

Hora do sorteo: 11:30 h (en primeira convocatoria) - 12:00 h (en segunda convocatoria).

Medio de celebración: Presencial

Asistentes:

- Representando á Consellería do Mar (Xefatura Territorial da Coruña):
 - Miguel Gómez Losada (xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que actúa como presidente do sorteo).
 - Sara Blanco Pérez (xefa da Sección de Marisqueo, que actúa como secretaria do sorteo)
- Non acude ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas.

Embarcacións aspirantes empatadas:

Embarcación	Matrícula	Folio	Total puntos
CELIA G	CO-4	6-04	10,00
JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4	3-03	10,00
PESCADORA	CO-4	1582	10,00

Embarcación	Matrícula	Folio	Total puntos
NUEVO ANAMAR	CO-4	9-05	7,00
ROSAL	CO-4	3-05	7,00

Embarcación	Matrícula	Folio	Total puntos
A PERCEBEIRA	CO-4	10-05	6,00

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





AZOR UNO	CO-4	1-98	6,00
MARIMAR *	CO-4	1962	6,00
MARÍA ELENA	CO-4	1782	6,00
PLAYA DE AROU	CO-4	1398	6,00

Consideracións legais e técnicas

1. A Comunicación do 14 de novembro da Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña acordou a celebración dun sorteo para dirimir o empate no procedemento de elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle.

2. O apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que *"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase en presenza das persoas afectadas pola dita situación"*.

Celebración do sorteo

Na data, hora e lugar sinalados enriba, celebrouse o sorteo en segunda convocatoria baixo a actuación do presidente e da secretaria.

O transcurso da sesión desenvólvese do seguinte xeito:

1. Ás 11:30 h, hora da primeira convocatoria do sorteo, compróbase que non acudiu ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas polo que agárdase á segunda convocatoria para realizar o sorteo.
2. Ás 12:00 h, en segunda convocatoria compróbase que non acudiu ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas e iníciase o sorteo.
3. Amósanse e lense en voz alta as papeletas co nome de cada unha das embarcacións e marcas externas (matricula e folio) que entran a formar parte deste sorteo.
4. Introdúcense todas as papeletas co nome das embarcacións nunha bolsa opaca e reméxense para unha disposición aleatoria. Posteriormente, solicítase a unha persoa representante da administración ausente da sala de preparación do sorteo que entre e extraia da bolsa unha a unha cada papeleta.





5. Queda establecida a seguinte orde de prelación das embarcacións de acordo ca orde de extracción das papeletas:

Empatados a 10 puntos:

Orde de prelación	Embarcación	Matrícula	Folio
1	CELIA -G	CO-4	6- 04
2	JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4	3-03
3	PESCADORA	CO-4	1582

Empatados a 7 puntos:

Orde de prelación	Embarcación	Matrícula	Folio
1	NUEVO ANAMAR	CO-4	9-05
2	ROSAL	CO-4	3-05

Empatados a 6 puntos:

Orde de prelación	Embarcación	Matrícula	Folio
1	MARIA ELENA	CO-4	1782
2	AZOR UNO	CO-4	1-98
3	PLAYA DE AROU	CO-4	1398
4	MARIMAR	CO-4	1962
5	A PERCEBEIRA	CO-4	10-05

6. Ás 12:11 h finaliza o sorteo.

A secretaria
Sara Blanco Pérez
(Sinatura electrónica)

Visto e prace,
O presidente
Miguel Gómez Losada
(Sinatura electrónica)

